



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO MUSEO DO POBO GALEGO
O 16 DE MAIO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo sobre planificación das autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da elaboración da Estratexia dixital de Galicia 2030.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Ames para a xestión do servizo de comedor escolar en cinco centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de douscentos corenta e nove mil douscentos euros (249.200 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Betanzos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de noventa e sete mil novecentos euros (97.900 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de noventa e seis mil cento vinte euros (96.120 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar en dez centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento trinta e sete mil setecentos setenta e dous euros (137.772 €).



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Gondomar para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento vinte e sete mil noventa e dous euros (127.092 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento dezaseis mil cincocentos noventa euros (116.590 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Meaño para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e nove mil cento sesenta euros (39.160 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Mugardos para a xestión do servizo de comedor escolar en tres centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cincuenta e seis mil douscentos corenta e oito euros (56.248 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Muíños para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de dezanove mil cincocentos oitenta euros (19.580 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento sesenta e tres mil douscentos vinte e seis euros (163.226 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Sarria para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de corenta e tres mil seiscentos dez euros (43.610 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de construción dun novo CEIP no Rebel, Vilalonga, no concello de Sanxenxo (Pontevedra), susceptible de cofinanciación polo Fondo Europeo de



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Desenvolvemento Rexional nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixe 10, obxectivo específico 10.05.01, por valor estimado de catro millóns douscentos corenta e sete mil noventa e un euros con trinta e cinco céntimos de euro (4.247.091,35€) máis IVE, o que ascende a un orzamento total de cinco millóns cento trinta e oito mil novecentos oitenta euros con cincuenta e tres céntimos de euro (5.138.980,53€) (IVE engadido).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que se deriva da Orde de convocatoria de nove bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2019, 2020 e 2021, por un importe total de douscentos trece mil oitocentos corenta euros (213.840 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan galego de atención primaria 2019/2021.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites para os anticipos e pagamentos á conta, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de acción de saúde pública no campo do VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro, por un importe de novecentos mil euros (900.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural para a exención da achega de garantías no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019.

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

- Informe sobre a acción exterior para a promoción do ensino, a lingua, a literatura e a cultura Galegas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019.

A XUNTA LIMITARÁ O NÚMERO DE SALÓNS DE XOGO E TENDAS DE APOSTAS AOS XA EXISTENTES OU CON SOLICITUDE EN TRAMITACIÓN

- ***Os casinos e bingos xa contan cunha planificación na normativa correspondente, pero esta non existía para os salóns de xogo e tendas de apostas***
- ***Con esta medida, preténdese ofrecer seguridade e evitar accións especulativas antes da entrada en vigor da nova Lei do xogo, que manterá esta limitación***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a un acordo que ten como obxectivo planificar as autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas en Galicia. A través deste acordo temporal, limitáase o número de autorizacións de ambas tipoloxías de establecemento aos que xa existen na actualidade e ás que están en tramitación.

En concreto, o límite sitúase en 118 salóns de xogo (97 xa funcionando e 21 expedientes pendentes) e 41 tendas de apostas, todas funcionando e sen ningunha solicitude en tramitación na actualidade. Deste xeito, garántese unha oferta de xogo respectuosa.

A actividade do xogo ten unhas características intrínsecas que fan necesaria unha intervención por parte da Administración para ofrecer seguridade ás persoas, garantir a protección dos menores ou persoas que o precisen por motivos de saúde e velar pola orde pública. O propio Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten recoñecido que as consecuencias prexudiciais que comporta a actividade do xogo xustifica a imposición de límites para controlar os riscos.

No caso dos casinos e das salas de bingo, estes xa contan cunha planificación de autorizacións nas normativas correspondentes. Con todo, as outras dúas tipoloxías de establecementos de xogo -os salóns de xogo e as tendas de apostas- non contaban cunha planificación como tal, aínda que si con limitacións en materia de distancias a outros establecementos de xogo e/ou centros educativos de menores de idade.

O acordo aprobado hoxe ten un carácter temporal e transitorio, cunha duración máxima de nove meses desde a data da súa publicación, e á espera da entrada en vigor da nova Lei do xogo, que iniciará en breve a súa tramitación e que manterá esta limitación.

Ademais das razóns de interese xeral relacionadas coa orde e saúde pública, este acordo tamén ten como obxecto impedir condutas especulativas que poidan repercutir no futuro na eficacia da nova Lei do xogo e da planificación que se adopte con ela, especialmente tendo en conta que nos últimos anos se vén detectado un incremento considerable nas solicitudes de autorización e que no resto de comunidades autónomas se está producindo un enorme crecemento da actividade do xogo.

A XUNTA INICIA A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DIXITAL DE GALICIA 2030

- ***Busca configurar a Galicia 5.0, aproveitando a tecnoloxía para contribuír ao desenvolvemento sustentabilidade da Comunidade nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental***
- ***Esta folla de ruta priorizará a capacitación dixital, o fomento do uso responsable da tecnoloxía cun marco xurídico axeitado, a consolidación dun ecosistema dixital forte e o incremento de perfís dixitais especializados***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o lanzamento do proceso de elaboración da Estratexia dixital de Galicia 2030, para contribuír a un desenvolvemento sustentable tanto a nivel económico, como social e ambiental. Esta nova folla de ruta para a vindeira década enmárcase na políticas europeas para incrementar o despregamento de tecnoloxías dixitais clave a gran escala e promover a súa adopción para que os beneficios da transformación dixital cheguen a todo o mundo.

A Estratexia dixital de Galicia 2030 pivotará sobre catro vectores, aliñados coas directrices europeas, sobre os que se asentará o diálogo con expertos e axentes sociais para definir as medidas desta folla de ruta.

Os catro vectores do cambio

En primeiro lugar, a capacitación dixital para garantir que todas as persoas poidan facer fronte aos retos laborais e sociais derivados da transformación dixital. Para isto será preciso apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais básicas, facilitar a aprendizaxe permanente durante a carreira profesional e anticipar as tendencias do mercado laboral para prestar apoio aos novos perfís profesionais.

En segundo lugar, favorecer un clima de confianza e transparencia que respecte a privacidade e as normas éticas, asegurando que as tecnoloxías emerxentes se desenvolvan e apliquen nun marco axeitado. Neste sentido, prevese a necesidade de adaptar e crear o marco xurídico necesario para que garantir un uso responsable das tecnoloxías emerxentes nos diferentes ámbitos da sociedade e, en concreto, para o uso e aplicación dos datos.

En terceiro lugar, favorecer a consolidación dun ecosistema dixital forte con capacidade de dar resposta á demanda tecnolóxica de todos os sectores, potenciando a innovación dixital e impulsando a adopción das novas tendencias tecnolóxicas en todos os ámbitos da economía.

O cuarto vector é a promoción do liderado dixital, impulsando proxectos demostradores con impacto de transformación nos diferentes sectores económicos, favorecendo a captación de talento dixital e perfís especializados en TIC con capacidade para liderar a transformación dixital das organizacións.

Metodoloxía

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Para a elaboración da Estratexia Galicia 2030 establécese a metodoloxía de elaboración derivada do Centro Común de Investigacións da UE, contando con paneis de profesionais non soamente tecnolóxicos, senón tamén do ámbito do dereito, a economía e as humanidades. Estas achegas multidisciplinares serán de especial relevancia á hora de facer fronte ás cuestións éticas, xurídicas e económicas derivadas dos novos modelos sociais e económicos vinculados á Intelixencia artificial, ao tratamento dos datos, ás adicións, aos cibercriminosos ou ao futuro do emprego, entre outras.

Ademais, constituirase unha comisión permanente de expertos que participen tanto nas funcións de vixilancia tecnolóxica como de análise do impacto das diferentes liñas de acción da transformación dixital en Galicia.

Será un proceso participativo no que se contará coas achegas de axentes sociais e empresas para que acheguen as súas expectativas, visións e preocupación sobre os retos definidos previamente coas diferentes consellerías.

EDUCACIÓN ACHEGA 1,15 M€ A 11 CONCELLOS PARA FINANCIAR O COMEDOR ESCOLAR DE 4.429 NENOS NENOS DE 48 CENTROS ESCOLARES

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Santiago e Sarria para subvencionar o servizo de comedor durante os vindeiros dous cursos***
- ***Deste xeito a Consellería reafirma o seu compromiso coa prestación deste servizo complementario, fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinará convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Meaño, Mugardos, Muíños, Lugo, Santiago de Compostela e Sarria para a prestación do servizo de comedor escolar en 48 centros educativos, grazas ao cal se lles facilitará a 4.429 usuarios acceder a este servizo complementario durante os próximos dous cursos 2019/20 e 2010/21, un 17% máis que os beneficiados nos cursos 17/18 e 18/19 para estes mesmos convenios. A achega total da Consellería para estes convenios será de 1.146.498 euros (case un 11 % máis que nos dous períodos anteriores).

Coa autorización destes convenios, a Consellería reafirma o seu compromiso co mantemento deste servizo complementario educativo, de fundamental importancia para a conciliación da vida familiar e laboral.

Centros beneficiados

Ao abeiro destes acordos, a Consellería apoiará o Concello de Ames na xestión dos comedores dos CEIP A Maía, Agro do Muíño, de Barouta e de Ventín, e da EEI do Milladoiro. No caso de Betanzos o centro beneficiado será o CEIP Francisco Vales Villamarín e en Cangas serano os CEIP Nazaret, do Hío, Espiñeira-Aldán e A Rúa. No acordo co Concello de Ferrol incluíranse os comedores do CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdias, San Xoán de Filgueira, Esteiro, Pazos, Ponzos e A Laxe; mentres que en Gondomar se incluírán os CEIP Souto de Donas, Serra de Vincios, CEP Xosé Neira Vilas e CEIP Chano Piñeiro.

En Lugo, o acordo atinxe aO CEIP Albeiro, Anexa, As Mercedes, Illa Verde, Menéndez Pelayo, Luís Pimentel, Rosalía de Castro, Sagrado Corazón e Paradai (este incorpórase novo neste convenio).

Ademais, no concello de Mugardos benefíciense destes convenios os usuarios dos comedores do CEIP Unión Mugardesa, CEIP Santiago Apóstolo e IES de Mugardos; e do CEIP Valle Inclán, en Muíños; así como os dos composteláns CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardenal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola. Por último, no concello de Meaño o convenio beneficiará os usuarios de comedor do CEIP Coirón-Dena; e en Sarria a Escola de Educación Infantil (EEI) de Sarria.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A sinatura destes convenios é un novo paso na aposta que o Departamento de Educación da Xunta de Galicia está a facer en prol do servizo de comedor escolar nos centros educativos.

No pasado curso 17/18, Cultura e Educación destinou preto de 30 millóns de euros aos comedores de xestión propia, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas ANPA. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais o número de prazas de comedores incrementouse en 16.800 desde o curso 08/09, un 30% máis neste período.

Ademais, cómpre lembrar que no caso dos comedores escolares xestionados pola Consellería de Educación (un total de 435), o 81,57% dos usuarios teñen este servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día abóana un 13,76% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN LICITARÁ ESTE MES A OBRA DO NOVO CEIP DE VILALONGA (SANXENXO)

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente de contratación da obra***
- ***A previsión é que o centro estea operativo no curso 2020/21***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional licitará este mes a obra do novo CEIP no Rebel, Vilalonga, no concello de Sanxenxo (Pontevedra). Para iso, o Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente de contratación da obra de construción deste colexio de educación infantil e primaria, unha obra prevista no Plan de infraestruturas 2016/21 e que contará cun orzamento de 5.138.980,53 €. A previsión é que o centro, que terá capacidade para 450 alumnas e alumnos, estea operativo no curso 2020/21.

O novo CEIP dará resposta ás necesidades de escolarización dunha zona na que o centro de referencia é o CEIP Cruceiro, moi antigo. O centro albergará 18 aulas docentes (6 de infantil e 12 de primaria), 4 aulas de apoio educativo, aula de usos múltiples, biblioteca, aulas de informática e música, ximnasio e comedor, así como unha zona de administración que incluírá despacho do director, do xefe de estudos e de coordinación e orientación, secretaría e arquivos, sala de profesores, ANPA, aseos e conserxería. Así mesmo, contará cos servizos comúns correspondentes.

O edificio estruturarase en tres plantas, pequeno semisoto, planta baixa e primeira. Na planta semisoto situaranse as zonas de instalacións e o ximnasio, mentres que a planta baixa albergará os accesos ao centro, a sala de comedor-usos múltiples, sala de profesores, administración, aulas de infantil e desdobre, así como a biblioteca, aula de informática e un gran patio central. Na planta primeira estarán as aulas de primaria, a de música e a de orientación. Na zona sur na zona libre da parcela haberá unha pista polideportiva.

O centro contará con accesos independentes para o tráfico rodado e para o peonil, así como cun terceiro acceso para persoas con mobilidade reducida. Así mesmo, estará dotado de aparcadoiros.

O Concello de Sanxenxo xa puxo á disposición da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional os terreos necesarios, que suman en total preto de 15.000 metros cadrados, a través dun convenio asinado o 22 de agosto de 2018.

A XUNTA IMPULSA A LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS, PIONEIRA NA REGULACIÓN DESTAS INSTITUCIÓNS EN GALICIA

- ***A nova norma, promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, completa a articulación legal das institucións culturais de referencia: arquivos, bibliotecas e museos***
- ***Trátase dunha norma novidosa para o impulso destas institucións como activos de referencia no plano cultural, científico, educativo e económico***
- ***Desenvólvese dun xeito integral o Sistema galego de centros museísticos, que permitirá organizar e coordinar dun xeito máis eficiente o conxunto do sistema***
- ***Por vez primeira, recoñécense, defínense e regúlanse os centros de interpretación do patrimonio cultural como un tipo de centro específico***

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019.- O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto da que será a primeira Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. Unha norma novidosa no ámbito autonómico e pioneira no eido do respecto pola pluralidade, o acceso á cultura e a integración da perspectiva de xénero e emprego das TIC, que pretende outorgar todo o protagonismo que merecen os museos, tendo en conta a súa cuádrupla dimensión: social, investigadora, pedagóxica e económica.

A nova norma impulsada pola Consellería de Cultura e Turismo completa a articulación legal das institucións culturais de referencia, logo da posta en marcha da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Tamén supón un desenvolvemento imprescindible da norma legal que rexe no noso patrimonio cultural, a Lei 5/2016, que incluía unha regulamentación básica de museos á espera da definición dun marco específico.

Galicia precisa dunha norma que regule o sector con flexibilidade e mirando ao futuro, que dote de seguridade xurídica e potencie a actividade desenvolvida no eido dos museos, e que teña en conta a dimensión plural da súa función dentro dunha sociedade moderna e democrática. A futura lei será a primeira normativa específica que regulará esta materia na nosa comunidade, abordando dun xeito global os retos aos que se enfrontan estas institucións no século XXI, como servizos culturais de primeiro nivel e ao alcance de toda a sociedade, tanto galega como foránea.

Coordinación, colaboración e complementariedade

O anteproxecto define cada unha das tipoloxías que integran o concepto máis amplo e xenérico de centro museístico (museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia), delimita as condicións necesarias para a súa creación, así como aspectos organizativos e de xestión. Ademais, regula toda unha serie de medidas de dinamización neste ámbito e, finalmente, describe e fixa o réxime sancionador aplicable.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico destas institucións de interese para a Galicia, así como o establecemento do Sistema Galego de Centros Museísticos, presidido polos principios de coordinación, colaboración e complementariedade, cuxo fin é a mellora da organización e o funcionamento dos centros que o integran.

A nova norma, promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, legislará por vez primeira o papel dos museos e ofrecerá un marco xurídico no que teñan cabida, non só as distintas realidades museísticas de Galicia, senón tamén a súa pluralidade tipolóxica e temática: etnográfica, arqueolóxica, casas-museo, ecomuseos, etc., amosando estas institucións como activos de referencia no plano cultural, investigador, educativo e económico.

Sistema galego de centros museísticos

Este anovador sistema será a estrutura organizativa e funcional de integración dos centros e redes museísticas da Comunidade Autónoma; concibido, dentro do máximo respecto á súa autonomía, para unha coordinación eficiente da xestión cultural e científica dos centros. Estará formado por un órgano administrativo de dirección e coordinación, o Consello de Centros Museísticos de Galicia, e os diferentes museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural debidamente autorizados.

Formar parte do sistema leva asociados unha serie de beneficios, tales como a participación en liñas concretas de axudas que poidan establecerse, a prioridade no acceso a determinadas accións colaborativas e formativas, así como na recepción de depósitos ou participación en accións de promoción cultural e turísticas, entre outros.

Así mesmo, facilítase a creación de redes de centros museísticos, para mellorar a cooperación e o aproveitamento transversal dos medios dos que dispoñen, co fin de incrementar a súa eficacia no cumprimento das súas funcións. As redes constituirán subsistemas operativos para o funcionamento e a organización do Sistema Galego de Centros Museísticos. Estableceranse redes atendendo ao ámbito territorial, titularidade, contido temático e discurso museolóxico e a participación nelas terá carácter voluntario.

Novidades organizativas

Especial relevancia ten neste anteproxecto de Lei teñen as novas ferramentas e órganos creados para a mellora na xestión destas institucións na nosa comunidade. En primeiro lugar, créase o Consello de Centros Museísticos de Galicia, un órgano colexiado de natureza consultiva.

En segundo lugar, prevese a creación do Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia, que será o instrumento de carácter administrativo no que se inscribirán os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural autorizados. Este vén substituír e perfeccionar ao actual Censo de Museos de Galicia que conta cun total de 93 centros na nosa Comunidade e integrará, a lo menos, os datos relativos á titularidade, domicilio, denominación, tipoloxía e ámbito temático, descrición dos bens inmoables que o conforman, recursos humanos, áreas funcionais, servizos que presta, horarios e réxime de visita pública.

Como xa se ten dito, esta lei aborda e regula outras realidades museísticas alén dos museos, tales como as coleccións museográficas, que xa se prevían na regulación do patrimonio histórico da nosa comunidade desde 1995, baixo a denominación de coleccións visitables, ou os centros de interpretación do patrimonio cultural. Estes últimos definidos e regulados por vez primeira no noso ordenamento xurídico. O que supón que se vai cubrir un baleiro normativo que existe respecto a este tipo de centros.

Actividade investigadora e implantación das TIC

Outro dos aspectos que teñen especial peso neste texto legal é o fomento da actividade científica e investigadora. Neste sentido, a investigación reflíctese como unha función, pero tamén como un deber dos centros.

O anteproxecto quere impulsar a investigación que se fai desde dentro, especialmente nos centros de titularidade ou xestión autonómica. Desde este punto de vista, preténdese fomentar a investigación e colaboración, non só no ámbito dos museos integrados nas redes galegas de museos, senón máis aló, no ámbito do Estado e mesmo no eido internacional.

Neste sentido, está previsto que os catálogos contén cunha versión dixital, de acceso aberto, con fins sociais, educativos e de interpretación. Regulamentariamente estableceranse as características do sistema de xestión documental e procurarase a aplicación das novas tecnoloxías co fin de facilitar a xeneralización de sistemas integrados de información, documentación e xestión nos centros que forman parte do Sistema Galego de Centros Museísticos.

Antecedentes

A nosa Comunidade Autónoma ostenta a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28º da Constitución española, e tamén en materia de museos de interese para Galicia que non sexan de titularidade estatal. Pero até o ano 1995, a única normativa que existía en Galicia en materia de museos era o Decreto 314/1986, do 16 de outubro, de regulación do sistema público de museos da Comunidade Autónoma.

Foi nese ano, 1995, cando se publica a Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, cuxo título V introduciu a primeira regulación de nivel legal do ámbito museístico. Esa regulación definiu as trabes esenciais do sistema galego de museos, introducindo unha regulación da definición, funcións e réxime xurídico dos museos e as coleccións visitables.

A evolución do sector museístico evidenciou a insuficiencia destas previsións legais para facer fronte a unha realidade tan cambiante, de tal modo que esta norma foi derogada pola nova Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Este texto legal dedica o seu título VIII aos museos e marca a pauta a partir da cal se vén dar resposta coa futura lei a todas aquelas cuestións que se suscitan con motivo da xestión deste tipo de institucións,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

orientadas a satisfacer as demandas dunha sociedade que lle require aos museos a atención de novas necesidades.

A XUNTA DE GALICIA CONVOCARÁ NOVE BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- ***A Administración autonómica destinará máis de 200.000 euros para estas bolsas cun importe de 1.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de nove bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades por un importe de 213.840 euros.

A contía das bolsas será de preto de 1.000 euros ao mes e poderán solicitálas as persoas que estean en posesión do título universitario de licenciatura ou de grao esixido no proxecto para o que presente a solicitude, acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos no Centro Ramón Piñeiro e posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos. As solicitudes serán avaliadas por unha comisión de valoración formada polo coordinador científico do centro, un director dos proxectos de investigación, o secretario dos Consellos Científico e Executivo do centro e persoal da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Os proxectos en que poderán participar os bolseiros son: *Legado científico*, de Jürgen Untermann, *Corpus de referencia do galego actual* (Corga), *Corpus documentale Latinum Gallaeciae* (Codolga), *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (Bilega), *Terminoloxía científico-técnica*, *Informes de literatura*, *Recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos*, *Lírica profana galego-portuguesa* e *Dimensións da identidade colectiva de Galicia*.

A data estimada de comezo da formación é o 1 de decembro de 2019 e rematará o 30 de novembro de 2021, e o prazo de presentación de solicitudes e da documentación requirida será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Estas deberán presentarse preferiblemente na sede electrónica da Xunta.

Centro Ramón Piñeiro

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura e Turismo que se ocupa de levar adiante e de difundir proxectos de investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica centrados en Galicia. Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva desde un punto de vista antropolóxico.

Desde a súa creación hai 25 anos pasaron polos 20 proxectos que ten en marcha o Centro 500 investigadores/as, tanto bolseiros e bolseiras galegos que se formaron participando nos seus proxectos coma outros estranxeiros de estadia durante un trimestre para desenvolver traballos de investigación propios baixo o asesoramento dos seus directores, semellantes aos dos seus centros de procedencia. Moitos deles son hoxe doutores, profesores universitarios ou docentes no ensino medio que, desde os postos actuais, continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.



O NOVO PLAN GALEGO DE ATENCIÓN PRIMARIA ESTÁ DOTADO DUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 102 MILLÓNS DE EUROS PARA TRES ANOS E INCLÚE 200 ACCIÓNS

- **Un total de 80 accións, que representan o 40% do plan, realizaranse en seis meses; o 33% está previsto a medio prazo e o 27% a longo prazo**
- **No marco do Plan crearanse 331 novas prazas en atención primaria no período 2019-2021**
- **O Plan de Necesidades permitirá cubrir as necesidades de equipamento, mobiliario e dotacións informáticas así como as reformas dos centros de saúde e contará cunha inversión de 79,5 millóns de euros no período 2019-2021**
- **No marco do plan procederase á renovación ou adquisición de electrocardiógrafos, espirómetros, desfibriladores e ecógrafos, así como outro equipamento electromédico**
- **Os contratos de continuidade de médicos de atención primaria permitirán a mellora das condicións de traballo e facilitar a continuidade asistencial están dotados con máis de 3 millóns de euros**
- **Sanidade destaca a participación na elaboración do plan de profesionais, cidadanía, outras administracións, así como asociacións de pacientes, sindicatos, sociedades científicas e colexios profesionais**

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, presentado polo conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña e que está dotado dun orzamento total para ese período de 102.421.903 euros. O documento recolle un total de 200 accións a desenvolver a curto, medio e longo prazo, definidas en 7 liñas estratéxicas e 52 obxectivos concretos para reformular a atención primaria.

Do total do orzamento co que está dotado este plan, preto de 17,2 millóns destínanse ao incremento de prazas en atención primaria, a formalizar contratos de continuidade e á formación de especialistas. Outros 79,5 millóns de euros destínanse á renovación e/ou dotación de equipamento e mobiliario, obras e reformas nos centros de saúde e PAC e a implementación das TIC; e 5,6 de incremento na adquisición de vacinas fronte á gripe e fronte ao virus do papiloma humano.

Do total das accións, o 40% (80 accións) defínense a curto prazo e desenvolveranse nun período de 6 meses; o 33% (66 accións) defínense a medio prazo e desenvolveranse en 12 meses e o 27% (54 accións) a longo prazo para desenvolver en 24 meses. Con este ambicioso plan, o Goberno galego quere afrontar e dar resposta aos actuais retos asistenciais derivados da nova situación sociodemográfica e epidemiolóxica e ás demandas da cidadanía e dos profesionais sanitarios.

Máis persoal

A dotación dos recursos humanos para a atención primaria é a primeira das liñas estratéxicas adaptando o número de prazas ás características epidemiolóxicas e demográficas. Co obxectivo de xerar un marco profesional estable e reducir a temporalidade

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

no período 2019-2021 prevese a creación de 331 novas prazas.

Así, o Sergas procederá á creación de 80 prazas de médico de familia no período 2019-2021. O obxectivo é reforzar aqueles dispositivos cunha elevada carga asistencial.

Ademais, Sanidade incrementará 20 prazas de pediatra de atención primaria no período 2020-2021, e se crearan 17 novas prazas de MIR de medicina familiar e outras 6 de MIR de pediatría. Tamén se incrementarán as prazas de enfermería naqueles dispositivos con menor ratio enfermería/medicina e se continuará coa progresiva implantación da categoría de enfermería familiar e comunitaria. Neste senso contéplase a dotación de 130 prazas no período 2019-2021.

Ademais potenciarase a presenza doutras categorías profesionais fundamentais no desenvolvemento da atención á cronicidade e o envellecemento da poboación. Nesta liña, dotarase cun incremento de 4 prazas de farmacia, 20 de matronas, 40 de fisioterapia, e 14 de traballo social no período 2019-2021.

Entre as actuacións previstas está formalizar nomeamentos de estatutarios eventuais de continuidade que poidan dar unha maior estabilidade ao persoal substituto, facilitando a mellora das condicións de traballo e a continuidade asistencial ao mesmo tempo. Neste senso, os contratos de continuidade de médicos de atención primaria teñen un custo estimado de 3.166.020 euros.

Plan de necesidades

O plan de necesidades e a priorización das mesmas é outra das liñas estratéxicas do Plan de Mellora de Atención Primaria. No período 2019-2021 está prevista a inversión de 79.509.706 euros, dos que 10,7 millóns de euros corresponden a equipamento, 51,8 millóns a obras, 6,6 millóns de euros a reformas e 10,1 millóns de euros están destinados ás novas tecnoloxías TIC.

Así o plan contéplase medidas como a renovación de 5.000 equipos de impresión e dotar a todos os centros de saúde de novos equipamentos de escaneo, a renovación a do 25% dos equipos informáticos (1.500 dos 6.000 instalados) e a tramitación electrónica do 100% das peticións de proba. Tamén se procederá a renovar e/ou adquirir electrocardiógrafos, espirómetros, desfibriladores e ecógrafos, así como outro equipamento electromédico (dopplers, MAPAs, holters, autoclaves, pulsíómetros...).

A curto prazo está previsto finalizar a construción do centro de saúde de Gondomar, a ampliación do centro de saúde e PAC da Laracha, completar a reforma da cuberta da Illa de Arousa e a ampliación de Pazos de Borbén. A medio prazo está prevista a finalización dos centros de saúde de Milladoiro-Ames, A Estrada, O Saviñao, Paderne de Allariz e Pereiro de Aguiar que xa teñen as obras iniciadas, e do centro de saúde de Salceda de Caselas, así como melloras nos centros de Mugaros e As Pontes. A longo prazo, finalizaranse os novos centros de Melide, Narón, Bouzas, Porriño, Moaña e os centros integrais de saúde de Lugo e Lalín. Reparase a cuberta do centro de saúde de Ortigueira e reformarase o centro de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

saúde e a unidade saúde mental de Conxo-Santiago de Compostela. Ademais, traballárase para a posta en marcha das obras de construción de novos centros de saúde en Caldas de Reis, o de Santa Lucía en A Coruña, e no barrio do Vinteún en Ourense e no CIS Cangas-Moaña. Tamén está previsto a mellora das prestacións sanitarias dos centros de saúde de Poio e de Fene.

Coordinación entre niveis e novos roles profesionais

A mellorar da relación e da coordinación entre atención primaria e hospitalaria e o 061 é outra liña estratéxica do Plan Galego de Atención Primaria. Isto permitirá unha comunicación máis fluída entre os profesionais, que sexa áxil, directa e bidireccional.

Entre as actuacións previstas neste ámbito está habilitar a e-interconsulta entre ambos niveis asistenciais para todas as categorías profesionais e axustar os tempos de resposta destas interconsultas a 10 días, así como consensuar os criterios de derivación de pacientes. Dispoñer de profesionais de referencia entre ambos niveis e realizar reunións periódicas entre profesionais son outras das medidas neste ámbito. Tamén está previsto habilitar a prescrición electrónica de IANUS aos facultativos médicos do 061 para a xeración de receita electrónica na atención domiciliaria.

O Plan Galego tamén aborda a creación de equipos de atención primaria que definan novos roles. A través desta liña estratéxica, definirase unha nova estrutura directiva de atención primaria do Sergas e das áreas sanitarias de Galicia coa supresión das EOXIS como estruturas organizativas. Entre outras medidas, crearase unha dirección de atención primaria en cada área sanitaria, a que lle corresponderán, entre outras funcións, a coordinación e supervisión de todos os recursos nese nivel asistencial, tamén se creará un órgano unipersoal dentro das estruturas da áreas sanitarias da dirección de enfermería.

Ademais, reordenarase as competencias dos profesionais, así enfermería e farmacia terán acceso á solicitudes de analíticas de pacientes crónicos segundo os protocolos aprobados ou acceso dos profesionais ao catálogo unificado de probas complementarias necesarias para a súa actividade en todo o Sergas, entre outros.

Estabilidade e desburocratización

Outra das liñas estratéxicas está orientada á atención á demanda, fíxanse como obxectivos definir os criterios de calidade das axendas e mellorar a súa xestión, desburocratizar a actividade dos médicos de atención primaria e mellorar a demanda non programada ou urxentes.

Entre as actuacións previstas, destaca a estruturación das axendas para adaptarse á actividade real dos profesionais e realizar un estudo sobre a redistribución de cargas de traballo para reaxustar posteriormente as cotas en función das características sociodemográficas, etarias e a cronicidade. Así, tamén destaca a implantación do TELEA en todos os postos clínicos, de xeito que ao remate deste ano estea dispoñible ao 100% en todos os centros dos Sergas. Outras das actuacións recollidas é identificar e definir un mapa coas prazas de difícil cobertura, e a longo prazo, promover que se cubras estas a efectos de

primar a prestación de servizos nas mesmas nos procesos de provisión.

Mellora da formación e relación cos pacientes

A formación, docencia e investigación constitúe outra das liñas estratéxicas coa que se pretende incrementar a capacidade de decisión dos profesionais de atención primaria sobre os plans formativos programados pola Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) e potenciar a figura do titor e colaborador docente. Tamén se fixa como obxectivo, incrementar o número de centros docentes ou prazas de formación especializadas. Para elo, solicitarase ao Ministerio de Sanidade un incremento do número de prazas MIR para residentes de medicina e enfermería familiar e pediatría e ofertar o 100% das prazas acreditadas. Tamén se busca incrementar a presenza de atención primaria na formación universitaria de Medicina e enfermería, farmacia, fisioterapia e traballo social, polo que se contempla como acción propoñer á universidade aumentar o número de titores de pregrao en todas as categorías profesionais.

Con respecto da liña estratéxica de relación cos pacientes e a comunidade, as actuacións que propón o novo plan de mellora recollen reunións periódicas da Comisión Interdepartamental de Coordinación de Atención Sociosanitaria de Galicia, realizar actuacións formativas co apoio da Escola galega de saúde para cidadáns, e fomentar o coñecemento das plataformas sanitarias existentes. Ademais, Sanidade ten previsto a elaboración de mensaxes visuais para as salas de espera sobre os consellos de saúde, o desenvolvemento dun Observatorio galego de saúde e a elaboración dun Plan estratéxico de intervención comunitaria que defina as liñas de actuación e potenciación de programas de hábitos de vida saudables.

Tamén nesta liña de relación cos pacientes e a comunidade, melloraránse os programas de prevención, apostando por vacinas da gripe tetravalentes para menores de 65 anos e os maiores de 65 anos serán inmunizados con vacinas de maior poder inmunoxénico, e por incluír unha vacina fronte ao virus do papiloma humano que oferta unha protección directa contra 7 xenotipos de VPH oncoxénicos e 2 que protexen contra as verrugas xenitais. O obxectivo é reducir a mobilidade por estas enfermidades. O orzamento no conxunto dos anos 2019-2021 para a adquisición destas vacinas suporá un incremento total de 5.650.000 euros.

Plan participativo deseñado por profesionais

A Consellería de Sanidade apostou por construír o novo modelo de Atención Primaria a través do diálogo e a colaboración entre administracións, profesionais e cidadanía. Así, 123 profesionais de todas as categorías elaboraron unhas 525 propostas entre xaneiro e febreiro. Tamén se tiveron en conta as achegas recibidas por parte dos 270 profesionais a través das caixas de correo electrónico creadas para o efecto, e as propostas das asociacións de pacientes, sindicatos, sociedades científicas e dos colexios profesionais e do Consello Asesor de Sanidade e o de Pacientes.

Igualmente, o plan recolle as aportacións presentadas pola cidadanía a través das 4.549 enquisas telemáticas da plataforma É-Saúde. Sanidade tamén abordou a mellora de primaria

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

coa FEGAMP, e as consellerías de Educación e de Política social, entre outras.

A XUNTA DESTINA 900.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DO VIH/SIDA

- ***A convocatoria está destinada ao financiamento de proxectos de saúde pública no eido da infección polo VIH e as demais infeccións de transmisión sexual***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a orde da Consellería de Sanidade da convocatoria para o financiamento de proxectos de saúde pública no eido da infección polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e da síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) e as demais infeccións de transmisión sexual (ITS), por valor de 900.000 euros. Esta convocatoria de axudas está destinada a programas que se van realizar entre xuño de 2019 e xuño de 2022 e enmárcase dentro das actuacións do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

O financiamento dos proxectos subvencionados favorece o achegamento aos servizos sanitarios e sociais públicos das persoas con prácticas de risco para a transmisión do VIH e doutras ITS (infeccións de transmisión sexual) con dificultades de acceso a estes servizos. Este achegamento favorece o diagnóstico e tratamento precoces, o que redonda nunha maior calidade e esperanza de vida das persoas afectadas, na redución dos custes sanitarios do tratamento e seguimento médico destas persoas e no mellor control do espallamento destas infeccións na sociedade galega.

Poderán solicitar e ser beneficiarias destas subvencións as entidades privadas sen ánimo de lucro que presenten un proxecto que deberá realizarse integramente en Galicia e debe ter como área xeográfica de actuación polo menos unha área sanitaria (A Coruña e Cee; Santiago e Barbanza; Ferrol; Lugo, A Mariña e Monforte; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Pontevedra e Salnés; ou Vigo).

Ademais, para desenvolver o proxecto, a entidade beneficiaria deberá dispor en Galicia de local e persoa contratada para desenvolver o proxecto e terá que promover o uso de preservativos así como a súa distribución. Entre os requisitos tamén se esixe empregar material divulgativo editado polas Administracións ou valorado positivamente polo Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles da Consellería de Sanidade.

Entre as novidades con respecto da convocatoria anterior destaca que se amplía o período de vixencia de 2 a 3 anos para facilitar a programación de proxectos máis estables e para fomentar unha certa profesionalización das actividades. Neste senso, increméntase o orzamento en 510.000 € con respecto á convocatoria anterior.

Tamén se realizaron modificacións nos criterios de valoración para potenciar a atención nun dos colectivos diana dos proxectos (persoas inmigrantes), e para fomentar a a profesionalización. Ademais se estableceron importes máximos nas axudas de custe por proxecto e ano. Ademais, incluíronse gastos limitados en reparacións e mantemento dos locais e gastos de formación continuada do persoal, por ser necesarios para o bo funcionamento dos proxectos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

En concreto, as actividades do proxecto subvencionado deberán estar destinadas a promover a realización da proba do VIH ás persoas con prácticas de risco, a realizar campañas de concienciación respectuosas e inclusivas de todas as ITS dirixidas á mocidade e ao colectivo de LGBTI, con campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxe postexposición ao VIH, como segunda e última oportunidade para evitar a aparición desta infección.

Tamén pode estar destinada á realización de programas específicos de prevención do VIH e outras ITS para persoas que exercen a prostitución e a súa clientela, programas de prevención para persoas que viven con outras portadoras de VIH e/ou en casas de acollida para persoas afectadas polo VIH/sida, así como programas de rúa ou achegamento que faciliten o acceso á información sobre o VIH e as demais ITS e aos servizos sanitarios en poboacións vulnerables á infección.

Outras das actividades subvencionables son educación para a saúde con perspectiva de xénero, sobre hábitos sexuais saudables, para previr a infección polo VIH e a sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS); campañas divulgativas a través de redes sociais e/ou de aplicacións móbiles coma (app) de contactos ou programas de loita contra o estigma e a discriminación das persoas afectadas polas ITS e de modo especial polo VIH e a sida.



A XUNTA DESTINARÁ ESTE ANO 42 MILLÓNS DE EUROS PARA PLANS DE MELLORA, INCORPORACIÓN DE PERSOAS MOZAS Á ACTIVIDADE AGRARIA E PARA O DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS

- ***O orzamento divídese en 14 millóns de euros para a incorporación de xente moza á actividade agraria, 25 millóns para plans de mellora e 3 millóns para o desenvolvemento de pequenas explotacións***
- ***Neste Programa de desenvolvemento rural (PDR 2014-2020) lévanse investidos preto de 170 millóns de euros para favorecer a remuda xeracional no agro galego e mellorar as súas infraestruturas***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe os pormenores da orde de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas –coñecidas como plans de mellora–, para a creación de empresas por persoas agricultoras mozas e para o desenvolvemento de pequenas explotacións. Están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 e publicaranse proximamente no *Diario Oficial de Galicia* cun orzamento de 42 millóns de euros.

En concreto, reservaranse 14 millóns de euros para a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, 25 millóns de euros para o apoio aos investimentos en explotacións agrícolas (os chamados plans de mellora) e 3 millóns de euros para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

Despois do éxito acadado coas tres primeiras convocatorias deste PDR nos anos 2016, 2017 e 2018, e coa experiencia adquirida no desenvolvemento destas, procédese a convocar e publicar esta cuarta convocatoria sen cambios respecto ao ano anterior. Unha vez publicada a orde no DOG, iníciase o período de presentación de solicitudes que estará aberto durante un mes para que os interesados poidan empezar a preparar a documentación necesaria.

Respecto os criterios de valoración para as achegas a incorporación de persoas mozas, a axuda concederáse pola execución do plan empresarial e consistirá nunha contía básica establecida en 20.000 euros, que poderá incrementarse en determinados casos dependendo, por exemplo, do volume de gasto dedicado á posta en marcha da nova explotación, da creación de emprego adicional a tempo completo ou do feito de instalarse nunha zona con limitacións naturais ou doutro tipo.

No caso dos plans de mellora, o importe da axuda será do 30% dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 50% en función de criterios como o feito de ser agricultor/a mozo/a, por realizar un investimento de carácter colectivo, por desenvolver actuacións en zonas con limitacións ou por executar accións relacionadas con medidas agroambientais e coa agricultura ecolóxica, entre outros.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

No que respecta ás pequenas empresas, a axuda ascende a 15.000 euros e concederáse pola execución do plan empresarial, que terá unha duración de 18 meses desde a aprobación desta.

Con esta orde de axudas, o Goberno galego traballa para mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas, para acadar un adecuado dimensionamento e lograr así un correcto equilibrio dos factores de produción das explotacións agrarias. Ademais, a través da orde destinada ás persoas mozas, lógrase un rexuvenecemento da poboación activa agraria fomentando a remuda xeracional, que contribúe tamén a incrementar a competitividade, a dinamización e a fixación da poboación.

Doutra banda, esta orde fomenta o emprego no sector agrario cunha especial consideración cara ás mulleres, o que pola súa vez axuda ao mantemento de poboación no rural e a evitar o abandono de explotacións.

Balance

A través das tres últimas convocatorias desta orde, as correspondentes ao actual PDR - 2016/2017/2018—, xa se levan tramitado 1.466 expedientes de incorporación por valor de máis de 52,2 millóns de euros. No que se refire aos plans de mellora, aprobáronse 2.077 actuacións por valor de 229,7 millóns de euros e que contaron cunha axuda de 110,7 millóns. Por último, 476 pequenas explotacións recibiron axudas por valor de máis de sete millóns de euros neste período. En total, falamos de preto de 170 millóns de euros en achegas para axudar o agro galego en tres anos.

A ESTRATEXIA DE ACCIÓN EXTERIOR PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA LEVA O GALEGO A 17 PAÍSES E 35 UNIVERSIDADES

- ***Preto de 2.000 alumnos reciben clases de galego en países estranxeiros e outros 1.500 fano en distintas zonas de España, especialmente no Bierzo e Sanabria***
- ***O ensino da lingua propia de Galicia fóra da Comunidade consolídase grazas aos centros de Estudos Galegos e a rede de lectorados, que chega xa a 15 países***

O Consello da Xunta analizou un informe sobre a Estratexia Galega de acción exterior horizonte 2020 para a promoción da lingua e cultura galegas fóra da Comunidade, que constata os avances neste eido. Del despréndense que o ensino do galego chega xa a 17 países e 35 universidades, 26 internacionais e nove nacionais. O documento aborda as accións realizadas polo Goberno autonómico para fomentar o coñecemento do idioma propio de Galicia, así como os protocolos de colaboración que mantén con diferentes entidades e organismos nacionais e internacionais para estes mesmos fins.

Segundo o informe son 3.500 os alumnos que reciben clases de galego fóra da Comunidade. Deles, preto de 2.000 atópanse en 16 países estranxeiros. A meirande parte deste alumnado acode aos 35 centros de Estudos Galegos constituídos en diferentes universidades de países como Portugal, Alemaña, Brasil, Croacia, Estados Unidos, Francia ou Italia. Ademais, a rede de lectorados que imparten materias de lingua, literatura e cultura galega no exterior esténdese xa a un total de 15 territorios.

No referente aos países iberoamericanos, uns 800 alumnos estudan a nosa lingua en Arxentina (500) e Venezuela (300) grazas a diferentes acordos subscritos polo Goberno galego para achegar a ensinanza do idioma propio de Galicia a todas as persoas interesadas, especialmente a fillos ou netos de emigrantes. A cifra de estudantes de galego no exterior complétase cos 75 alumnos que actualmente se forman na cidade de Londres grazas a un convenio asinado co Instituto Español Cañada Blanch.

A memoria reflicte tamén o crecente interese que suscita o ensino do galego en territorios limítrofes como O Bierzo, Sanabria e outras zonas do territorio español, onde son xa 1.489 as persoas que estudan a nosa lingua. A meirande parte destes alumnos (1.112) reciben docencia en 19 centros situados nos citados territorios de Castela e León, coa que a Xunta mantén un protocolo de colaboración nesta materia. O resto (386) fórmanse nos nove centros de Estudos Galegos instalados en diferentes provincias españolas.

Outro dos eixos que conforma a Estratexia galega de acción exterior Horizonte 2020 céntrase na colaboración da Xunta, a través da Consellería de Cultura e Turismo con entidades e organismos nacionais e internacionais co obxectivo de fomentar a literatura e cultura galegas. Neste eido, a nivel nacional destaca a colaboración de Galicia cos departamentos de política lingüística do País Vasco, Cataluña, Illes Baleares, Navarra e Valencia para promover entre outras iniciativas o intercambio de estudos, investigacións ou plans lingüísticos. No ámbito internacional, a Xunta vén participando en proxectos como o

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

grupo NPLD (*Network to promote linguistic diversity*), para a promoción da diversidade lingüística no marco da Unión Europea, ou a ALTE (Association of Language Testers in Europe) para a avaliación das probas de certificación en Lingua Galega (Celga).

Letras Galegas e simposio internacional

O informe tamén pon o acento nas actividades organizadas polos centros de Estudos Galegos espallados por todo o mundo, entre as que destacan as referentes á celebración do Día das Letras Galegas. Así, durante o último ano celebráronse unha trintena de actos como concursos, encontros literarios, recitais poéticos, publicacións, murais, exposicións, obradoiros ou concertos.

Precisamente, o labor desempeñado por parte destes centros na promoción da lingua galega quedou patente na celebración do *I Simposio internacional: Os estudos galegos camiño do Xacobeo 21*, un encontro que tivo lugar o pasado mes de decembro en Santiago de Compostela que supuxo a primeira reunión de representantes dos centros de Estudos Galegos para establecer as liñas comúns de actuación de cara á difusión do próximo Ano Santo. No encontro, reforzaron o seu compromiso na promoción do Xacobeo 21 e acordaron, entre outras medidas, iniciar un proceso de creación de materiais específicos para cada un dos territorios nos que están implantados.

Balance da última década

A Estratexia galega de acción exterior Horizonte 2020 ten como principal obxectivo a planificación e coordinación da promoción exterior da lingua e cultura galegas, a organización de actividades relacionadas coa súa investigación e divulgación así como a colaboración cos distintos entes e organismos nacionais e internacionais cos que colabora o Goberno galego nesta materia.

Grazas a esta iniciativa, cun investimento de preto de 7 millóns na última década, máis de 32.000 alumnos de todo o mundo recibiron clases de lingua e cultura galegas e a rede de lectorados ampliouse ata superar os 300 nas distintas universidades de todo o mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA INVESTIRÁ ESTE ANO CINCO MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR A EXPLOTACIÓN CONXUNTA DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS POLAS COOPERATIVAS AGRARIAS

- ***O Consello do Goberno galego autorizou á Consellería do Medio Rural a convocar estas axudas, que sairán publicadas en breve no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***O fin último que se persegue é incrementar a rendibilidade económica das explotacións agrogandeiras galegas e a mellora das condicións do traballo***

A Xunta destinará este ano un total de cinco millóns de euros a apoiar o desenvolvemento de proxectos de explotación conxunta de instalacións e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicará en breve a correspondente convocatoria de axudas, ás que poden optar as cooperativas agrogandeiras galegas. Así, as cooperativas interesadas terán logo un mes de prazo para presentar as súas solicitudes.

O obxectivo destas achegas, que xestiona a Consellería do Medio Rural, é promover a racionalización do uso dos factores de produción mediante proxectos de carácter agropecuario de explotación conxunta polos socios de entidades asociativas. Procúrase así favorecer as iniciativas de carácter innovador ou de introdución de novas tecnoloxías.

Trátase tamén de fomentar a incorporación de novos procesos ou a obtención de novos produtos que contribúan a diversificar a actividade principal das entidades ou a introducir actuacións de apoio complementarias ao traballo dos socios. O fin último que se persegue é incrementar a rendibilidade económica das explotacións agrogandeiras galegas e a mellora das condicións do traballo.

O importe da axuda será do 40% dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 60% en función da aplicación de diferentes criterios, relacionados con operacións en agricultura ecolóxica, fusión de cooperativas, investimentos en zonas con limitacións naturais ou vinculadas á innovación. Nesta liña, establécese un investimento mínimo subvencionable de 100.000 euros. Estas axudas están cofinanciadas nun 7,5% pola Administración xeral do Estado, nun 17,5% pola Xunta de Galicia e nun 75% polo fondo europeo Feader.